

# CAMPAÑA SAN VALENTIN 2026

## DENDE ACISA CON AMOR

MERCA NO COMERCIO LOCAL E PODERÁS GAÑAR UN DOS DOUS PREMIOS QUE SORTEAMOS

### BASES DO SORTEO:

Os participantes deben ser maior de idade (18+)

#### 1º COMO PARTICIPAR:

Solo por comprar nos comercios asociados a A.C.I.S.A Ribadeo **poderás conseguir un dos dous premios para dúas persoas que poñemos en xogo.**

Para participar no sorteo deberase realizar unha compra nos establecementos asociados a ACISA. Os comercios entregarán unha (ou varias) papeleta(s) por cada compra realizada.

A cantidade de rifas a repartir por cada compra establecerase mediante criterio de cada establecemento.

Os comercios darán a papeleta a cubrir, unha vez realizada a compra e encargaranse de gardalas ata o día que finalice o prazo para participar.

Unha vez finalizado pasaremos a recoller as rifas polos comercios para o seu posterior sorteo nas oficinas de ACISA.

As rifas, para considerarse válidas e así reclamar o premio, deberán estar debidamente seladas por cada establecemento de xeito visible na parte dianteira ou traseira da mesma.

As rifas poderanse atopar nos establecementos asociados a ACISA Ribadeo do 5 ao 15 de febreiro de 2026.

#### 2º SORTEO:

**O día 17 de febreiro entregaranse por parte dos comercios as papeletas CUBERTAS E SEPARADAS** (para facilitar a realización do sorteo) aos membros da oficina de ACISA RIBADEO.

**O día 17 pola tarde, procederase a sortear** os dous premios. *\*(Debido a coincidencia do día 17 de febreiro co festivo local de Martes de entroido, a e celebración do desfile de entroido, a recollida das rifas e o sorteo realizarase de forma aprazada o día seguinte 18 de febreiro, baixo as mesmas condicións.)*

O sorteo realizarase nas oficinas de A.C.I.S.A. Ribadeo, sacando dunha urna as papeletas.

Posteriormente, e **no mesmo día notificaráselle ás persoas gañadoras a través de chamada telefónica**. Tras tres intentos sen obter contestación pasarase a volver a sortear o premio.

Os premios sortearanse individualmente e os premios non son acumulativos.

Ningún premio quedará deserto. O listado de premiados farase publico o mesmo dia 17 (18 **debida a modificación derivada do dia festivo**) tras a celebración do sorteo.

[Unha vez acepten deberán pasar pola oficina de A.C.I.S.A. Ribadeo o dia 20 de febreiro á hora que indique a organización, na Rúa San Roque 57 Baixo, para recoller o premio.](#)

### **3º PREMIOS:**

1 experiencia de unha noite con cea romántica, para dúas persoas, a escoller en 750 destinos.

1 noite no hotel Pazo Carballo, de Ribadavia, con visita as Bodegas Docampo, a desfrutar en noite de venres ou sábado do mes de maio.

### **4º NORMAS DE PARTICIPACIÓN:**

Debido a natureza desta campaña, poderá participar calquera cliente dos establecementos adheridos maiores de 18 anos a excepción de:

- Os donos ou traballadores e os seus parentes, dun establecemento participante coas papeletas do propio establecemento onde traballe. (Non se impide participar con papeletas doutros negocios onde puideron realizar compras)
- O xerente, presidenta e membros da xunta directiva de A.C.I.S.A. Ribadeo
- A organización reservase o dereito de revisión no caso de detectar condutas ou patróns estranos nas rifas ou sorteos.

\*Para o cobro do premio requírese a aceptación das bases deste sorteo mediante certificado expedido pola asociación e firmado polos gañadores dos premios.

\* A aceptación das bases deste concurso conleva a toma de fotografías dos premiados para as súas posteriores publicacións, en medios de comunicación e redes sociais.

\* O uso dos datos de carácter persoal son unicamente para a celebración do sorteo, solo o persoal autorizado de ACISA Ribadeo terá acceso a eles, e este limitase a identificar o gañador e proceder a notificarlle que gañou un premio, así como para a publicación dos nomes dos gañadores en medios de comunicación e redes sociais. Tralo sorteo tódalas rifas serán destruídas debidamente.

\* A organización reservase o dereito de modificar estas bases por causas de forza maior.

En Ribadeo a 2 de febreiro de 2026.